



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de LINGUAXE MUSICAL



PROFESORADO:

Renée Álvarez Gómez
María Dios Domínguez
Renata Gago Romero
Serxio Moreira Vázquez
Diego Rodríguez Vieites
Belén Rouco López
Ángeles Rubio Lera

CURSO 2020/2021



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Índice

Introdución.....	4
1. Metodoloxía.....	13
2. Atención á diversidade.....	18
3. Temas transversais.....	21
3.1 Educación en valores.....	21
3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.....	22
4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	24
5. Secuenciación do curso.....	25
5.1 Curso: 1º curso de GE.....	25
5.1.1 Obxectivos.....	25
5.1.2 Contidos.....	27
5.1.3 Avaliación.....	34
5.1.4 Medidas de recuperación.....	56
5.1.5 Recursos didácticos.....	61
5.2 Curso: 2º curso de GE.....	61
5.2.1. Obxectivos.....	61
5.2.2. Contidos.....	63
5.2.3. Avaliación.....	74
5.2.4 Medidas de recuperación.....	96
5.2.5. Recursos didácticos.....	101
5.3 Curso: 3º Curso de GE.....	101
5.3.1. Obxectivos.....	101
5.3.2. Contidos.....	103
5.3.3. Avaliación.....	115
5.3.3.1. Criterios de avaliación.....	115
5.3.4. Medidas de recuperación.....	140
5.4 Curso: 4º curso de GE.....	145
5.4.1. Obxectivos.....	145
5.4.2. Contidos.....	147
5.4.3. Avaliación.....	157
5.4.4. Medidas de recuperación.....	182
5.4.5. Recursos didácticos.....	187
5.5 Curso: 1º curso de GP.....	187





5. 5. 1. Obxectivos.....	187
5. 5. 2. Contidos.....	188
5. 5. 3. Avaliación.....	194
5.5.3.1. Criterios de avaliación.....	194
5. 5. 5. Recursos didácticos.....	218
5.6 Curso: 2º curso de GP.....	219
5. 6. 1. Obxectivos.....	219
5. 6. 2. Contidos.....	220
5. 6. 3. Avaliación.....	229
5. 6. 4. Medidas de recuperación.....	250
5. 6. 5. Recursos didácticos.....	255
6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	255
7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	256
8. ANEXOS.....	257
8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	257
8.2 Probas de acceso a outros cursos.....	263
8.3 ADAPTACIÓNS DA PD EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA.....	271





Introdución

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto do 27 de setembro.

A finalidade do Grao Elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquiera a calidade artística necesaria que permita acceder ao Grao Profesional. A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

A materia de Linguaxe Musical aparece no currículo oficial coma unha materia común en tódalas especialidades instrumentais ao longo dos catro cursos do grao elemental e nos dous primeiros de grao profesional. É, xunto co instrumento escollido polo alumno, o eixo fundamental das ensinanzas de Grao Elemental. A súa función principal dentro do currículo baséase na súa interrelación, a través da comprensión dos elementos musicais que se reflicten nas partituras do instrumento. A Linguaxe Musical contribuirá a promover a autonomía do alumno no estudio da súa práctica instrumental.

A finalidade da Linguaxe Musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, de tal xeito que o código musical se converta nun instrumento útil e eficaz de comunicación e representación, aspectos básicos que integran a práctica musical igual que en toda actividade lingüística.





A acción pedagóxica, no grao elemental, centrarase en conseguir un dominio da lectura e da escritura que lle permita ao alumnado a autonomía necesaria para seguir afondando na aprendizaxe da linguaxe, sen esquecer que a comprensión auditiva é unha capacidade que se debe desenvolver sistematicamente, por ser o oído a base da recepción musical.

Esta preocupación pola práctica auditiva ven potenciada pola inclusión, no grao elemental, da materia de Educación Auditiva e Vocal, que estará profundamente relacionada coa de Linguaxe Musical.

A aprendizaxe, baseada na práctica sistemática, propónse como metas catro capacidades esenciais que son: saber cantar, saber escoitar, saber ler e saber escribir, establecendo dito proceso de acordo ca orde: facer, oír / sentir, recoñecer / entender. O coñecemento da Linguaxe Musical proporciona ó alumno a capacidade de expresarse musicalmente a través da improvisación, a interpretación ou a creación de pequenas obras.

Daráselle importancia tamén á potenciación da memoria como aspecto imprescindible na formación do futuro músico.

A presentación dos contidos céntrase sobre tres eixos: fundamentos do tratamento da voz, fundamentos do tratamento do ritmo e audición. O desenvolvemento destes contidos deberá ter moi en conta a realidade de coñecementos e práctica musical coa que os alumnos se incorporan ó ensino especializado da música, así coma os contidos das demais materias que estudan ao mesmo tempo que linguaxe. Ademais, procurarase en todo momento unha adaptación ás características propias das etapas de maduración mental nas que se atopan os alumnos.

O curso 2019-2020 veuse influido pola emerxencia sanitaria derivada da COVID19, que supuxo a suspensión das clases presenciais a partir do 13 de marzo, ao iniciarse o Estado de Alerta Sanitaria. Seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020, os contidos do curso foron os traballados polo alumnado dende principios de curso e ata o 13 de Marzo.





Durante o curso 2020-2021, houbo un período no que a actividade presencial foi substituída por clases telemáticas.

Esta programación didáctica incorpora as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior tendo en conta os informes do departamento.

Co fin de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino e aprendizaxe en calquera dos posibles escenarios e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas, teranse en conta os seguintes aspectos na planificación educativa.

- a) A partir da información da finalización do curso 2020/21 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe de todo o alumnado.
- b) A aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.
- c) O emprego dunha metodoloxía didáctica e de recursos que permitan o deseño de actividades educativas que se poidan desenvolver de forma presencial e, de ser o caso, non presencial, ademais de ter un carácter práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.
- d) Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel de competencia acadado polo alumnado, adecuándose ás modalidades de ensino presencial e, de ser o caso, non presencial.
- e) As adaptacións necesarias que a docencia non presencial poida requirir.





f) A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Fiharmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.





Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inqedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

O alumnado que accede ao 1o curso de grao elemental procede dunha proba de aptitude na que se valoran as súas calidades con respecto a aspectos tanto musicais como de aprendizaxe. Non é necesario ter coñecementos previos. Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, o que determina grandes diferenzas entre capacidades e diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.





Coñecementos previos

O primeiro curso de grao elemental non precisa coñecementos previos. É preciso superar unha proba de acceso na que se avalíen as aptitudes necesarias para realizar os estudos musicais. Para os demais cursos, lóxicamente se requiren os coñecementos e habilidades acadados no correspondente curso anterior. Estes coñecementos previos pódense demostrar tamén, sen necesidade de ter aprobado o curso anterior, mediante unha proba de acceso. O desenvolvemento de ditas probas está contido tamén nesta programación

Relacións interdisciplinares

• LINGUAXE MUSICAL.

A Linguaxe Musical ten que prestar apoio á formación instrumental, sendo este un dos seus principais cometidos, pero sen descoidar a meta dunha formación musical nun sentido máis amplo. A Linguaxe Musical senta non só as bases necesarias para que o alumno acade unha autonomía no desciframento das partituras que está a aprender no instrumento, senón tamén para capacitalo para a posterior profundización nas demais materias que compoñen o currículo dos estudos musicais. Sen esquecer que a educación do oído musical nos aspectos rítmico, melódico, tímbrico, harmónico, polifónico e formal é, sen dúbida, a base da recepción musical nas súas dúas vertentes de disfrute estético e comprensión consciente e crítica.

• EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL.





Esta materia e a de Linguaxe Musical son inseparables e moi relacionadas entre sí. A pesar de que teñen moitos contidos comúns, as dúas materias foron separadas por motivos de aplicación didáctica, pois a entonación e a comprensión auditiva forman un todo no conxunto das múltiples áreas que conforman a Linguaxe Musical. A Educación Auditiva e Vocal do alumno (e futuro músico) fai necesarias estratexias pedagóxicas específicas neste campo tradicionalmente tan descoidado nas ensinanzas musicais. Pero non hai que esquecer en ningún momento que en esencia as dúas materias son a mesma, inda que na práctica académica para a “Linguaxe Musical” propiamente dita nos centremos máis nas áreas de lectura, entonación, audición, escritura, teoría e rítmica, deixando o traballo específico da voz e o oído (entonación, respiración, emisión vocal e ditados musicais) para a “Educación Auditiva e Vocal”.

• INSTRUMENTOS.

O estudo da especialidade instrumental actúa como eixo vertebrador do currículo sen esquecer a necesidade de perseguir un ensino integrador dirixido á consecución de competencias técnico-musicais específicas.

A tarefa do futuro intérprete consiste en: aprender a ler correctamente a partitura; penetrar, despois, a través da lectura, no sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético; desenvolver, ao mesmo tempo, a destreza necesaria no manexo do instrumento para que a execución dese texto musical adquira a súa plena dimensión da mensaxe expresivamente significativa.

A formación e o desenvolvemento da sensibilidade musical constitúen un proceso continuo, alimentado basicamente polo coñecemento cada vez máis amplo e profundo da literatura musical en xeral e a do seu instrumento en particular. A ese desenvolvemento da sensibilidade contribúen tamén naturalmente os estudos doutras disciplinas teórico-prácticas, así como os coñecementos de orde histórica que permitirán ao instrumentista





situarse na perspectiva adecuada para que as súas interpretacións sexan estilisticamente correctas.

Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- DECRETO 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
 - DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
 - CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.





- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- PROTOCOLO de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros do Ensino non Universitario de Galicia par o curso 2021-2022.
- Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2021/22
- Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do calendario do curso 2021/22 nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, e conservatorios superiores de música.





1. Metodoloxía

A presentación dos contidos no currículo de Grao Elemental céntrase sobre tres grandes eixos: o uso da voz e a súa función comunicativa a través do canto, a consideración dos aspectos psicomotores no desenvolvemento da educación rítmica, a escoita musical comprensiva e o coñecemento da grafía musical. A aprendizaxe, polo tanto, baseada na práctica sistemática terá como metas catro capacidades esenciais: saber escoitar, saber cantar, saber ler e saber escribir, iso si, relacionándoas entre si: unha grafía coa súa realización musical, un fragmento rítmico-melódico coa súa representación gráfica, etc.

No transcurso do G.E. a acción pedagóxica perseguirá un dominio da lectura e a escritura que proporcione ao alumnado autonomía para seguir profundizando na aprendizaxe da linguaxe musical, sen esquecer que a comprensión auditiva é unha capacidade que hai que desenvolver sistemáticamente, por ser o oído a base da recepción musical. Tamén é esencial que o alumnado vexa que o aprendido resúltalle útil na práctica instrumental. Partindo da afirmación implícita no título da materia principal deste departamento, a música é unha linguaxe, do que se deriva que é natural “falala” antes de comprendela, e que debe tender á comunicación e á expresión.

A actividade do alumnado debe ser tida en conta como parte esencial do proceso de ensino - aprendizaxe. Neste senso crearanse situacións de participación e comunicación, de improvisación vocal e instrumental e de movemento, de exposición de ideas,

experiencias e sentimentos que faciliten e promovan as aportacións individuais e de grupo.

A metodoloxía a empregar terá en conta, como factor principal, a participación activa do alumnado, e propiciará a actitude de descubrimento e investigación, indo





sempre do simple ó complexo, creando situacións de participación e comunicación, de improvisación vocal e instrumental e de movemento.

A acción educativa debe contribuír a promover a autonomía dos alumnos na maior medida posible. Ademais, comezase sempre con actividades de introdución – motivación de tipo recordatorio, logo actividades de desenvolvemento e logo de repaso e consolidación do que se aprendeu na unidade.

A motivación do alumnado é algo fundamental e intrínseco a calquera ensinanza porque é o alumno quén, a través dun compromiso coa tarefa de aprender, constrúe a súa aprendizaxe, especialmente na ensinanza musical, xa que se require unha disciplina de estudio desde o seu inicio e un esforzo ao simultanear dúas ensinanzas oficiais. O profesor debe concienciar ao alumno da súa propia aprendizaxe, dos progresos que vaia adquirindo en base ao seu traballo e animar a traballar os aspectos necesarios que o leven a facelo aínda mellor.

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas terán un carácter eminentemente práctico e potenciarán o proceso de avaliación continua. Empregarase de xeito preferente os recursos dixitais que están ao alcance de profesorado e alumnado, especialmente en escenarios de semi-presencialidade ou en caso de confinamento. Priorizarase o emprego de medios proporcionados pola Consellería, aula virtual Moodle, Cisco Webex, e tCentros Net para as comunicacións, sempre e cando o alumnado teña acceso a eles. Cada profesor do departamento poderá empregar recursos dixitais adicionais.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer así como unha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.

Durante os primeiros días de clase os profesores de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Todo o profesorado, á maior brevidade posible,





asegurarase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

1. 1. Temporalización

O grao elemental estará dividido en catro cursos e o profesional en dous. Aínda que as materias de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal son dúas materias independentes, ambas forman parte indisoluble da formación teórico-práctica dos alumnos dende os seus inicios e polo tanto será fundamental que o alumnado traballe de forma coordinada as dúas materias.

Impártense dúas clases semanais de 60 minutos de duración cada unha. Os 5 minutos ao inicio e o final da clase aproveitaránse para a ventilación da mesma. No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula dedicáranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante)

Durante o curso 20-21, cada grupo contará con 50-52 sesións lectivas, sen contabilizar as sesións reservadas para as probas específicas.

1. 2. Procedementos no grao elemental.

Para asimilar os contidos do currículo, utilizaranse os seguintes procedementos:

- Execución de ritmos binarios, ternarios e cuaternarios en compases sinxelos ou compostos, en exercicios rítmico-melódicos tanto co propio corpo como con instrumentos de pequena percusión e coa propia voz.





- Recoñecemento das cualidades do sonido mediante a discriminación auditiva.
- Utilización do propio corpo como instrumento de percusión para a asimilación de ritmos.
- Uso correcto da voz e do aparato fonador nas melodías vocais traballadas.
- Recoñecemento das funcións tonais e alteracións coa práctica auditiva.
- Utilización, nas distintas leccións, das diferentes claves esixidas.
- Uso dos grupos de valoración especial nos distintos exercicios.
- Práctica dos matices dinámicos en cancións ou fragmentos melódicos vocais.
- Asimilación dos conceptos teóricos mediante a práctica e mediante o estudo individual.
- Uso dos termos de agónica e dinámica nas melodías e cancións aprendidas.
- Desenvolvemento do oído interno mediante a práctica de exercicios de audición e ditados.
- Escoita e recoñecemento dos elementos da linguaxe musical, e reprodución oral e escrita dos mesmos.
- Práctica da improvisación rítmica e vocal cos elementos da Linguaxe Musical.
- Utilización da canción popular.
- Utilización de melodías ou obras propias do instrumento do alumno.

1. 3. Procedementos no grao profesional.

Para asimilar os conceptos enunciados, utilizaranse os seguintes procedementos:

- Práctica das fórmulas rítmicas enunciadas con exercicios de diversa dificultade.
- Utilización e desenvolvemento do propio oído mediante a práctica auditiva, como instrumento fundamental para a formación integral dos músicos.
- Uso correcto da voz e do aparato fonador nas melodías vocais traballadas.





- Recoñecemento auditivo de funcións tonais, modalidades e alteración accidentais.
- Utilización do transporte como medio práctico de adaptar melodías a un instrumento ou á propia voz.
- Uso dos grupos de valoración especial, da polirritmia e da música sen compás no distintos exercicios.
- Asimilación dos conceptos teóricos mediante a práctica e mediante o estudo individual.
- Coñecemento das grafías contemporáneas mediante exemplos e análise de obras importantes e significativas.
- Desenvolvemento do oído interno mediante a práctica de exercicios de audición e ditado

1. 4. Actitudes

Da mesma maneira, para un bo desenvolvemento no transcurso das clases, os/as alumnos/as deberán cumprir os seguintes requisitos actitudinais:

- Asistencia regular e puntualidade
- Apertura e curiosidade ante os diferentes elementos da linguaxe musical.
- Valoración da actividade práctica como fonte de información, aprendizaxe e diversión.
- Concentración durante a audición, a lectura e a entoación.
- Aceptación das cualidades da propia voz.
- Sensibilidade ante o silencio.
- Interese pola aprendizaxe do código musical.
- Valoración do noso propio corpo como medio expresivo.
- Interés polo proceso creativo.
- Valoración da influencia da música sobre o comportamento.
- Interés polo coñecemento da música e das formas máis xerais que rixen a composición do discurso musical.





- Aceptación das cualidades dos compañeiros/as.
- Disfrute coa música.

2. Atención á diversidade

O profesorado deberá atopar un equilibrio entre a diversidade do alumnado e a necesidade de desenvolvemento do currículo. Deberáse ofrecer ao alumnado a axuda pedagóxica individualizada que precise. A dificultade desta tarefa é especialmente notable nas materias do departamento de Linguaxe Musical, ao seren clases colectivas, pero esta é unha forma de compensar desigualdades, do contrario poderíase contribuir a aumentalas.

Neste sentido a Administración Educativa delega nos docentes, que son quen coñecen as peculiaridades dos seus alumnos, a responsabilidade de concretar intervencións encamiñadas a atender problemas específicos dos distintos alumnos e alumnas.

Para levar a cabo estas intervencións farase primeiro unha avaliación inicial que permita identificar os rasgos de diversidade en función de:

- o seu diferente nivel de instrución xeral
- as dificultades concretas no ámbito da materia
- a súa diferente actitude e interese (motivación)
- o grao de adaptación según as súas condicións físicas e psíquicas,

En liñas xerais levaranse a cabo recursos e estratexias variadas como:

- 1) actividades de reforzo e ampliación materiais didácticos diversos para os mesmos contidos
- 2) distintas formas de agrupamento do alumnado
- 3) posibilidade de acudir aun grupo de reforzo, sempre que o profesor o determine oportuno.





2. 1. Alumnado estranxeiro

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plan de estudos, nalgunhas zonas extremadamente ligados á práctica instrumental, case exclusivamente). O principio de integración para por coidar as actividades expostas, intentando aproveitar os coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo, os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país□).

No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental das nosas ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos coidarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de xeito que a súa integración se vexa favorecida.

2.2. Superdotación intelectual

Defínese como individuo superdotado a aquel que posúe aptitudes excepcionais e, polo tanto, é capaz dun rendemento superior á media. No Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelectualmente, trata no seu artigo 9 sobre os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para o alumnado superdotado intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación;





naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica cara este alumnado.

Xunto ás necesidades educativas dos alumnos superdotados compre engadir as de aqueles individuos do grupo especialmente talentosos, no sentido de aceleración descrito no Real Decreto 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o curso), de xeito que poida render segundo as súas propias capacidades.

2.3. Procedementos de acceso ao currículo para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación ao recursos materiais (tales como o xeito de dispor o aula), ou unha adecuación dos elementos do currículo (adaptación da secuencia de contidos e dos criterios de avaliación).

No caso de alumnos ou alumnas con limitacións físicas ou psíquicas significativas como lesións importantes, visión escasa ou nula, problemas auditivos, respiratorios ou de larinxe, de coordinación motriz, síndrome de Down, certas hiperactividades que dificultan seriamente a concentración, entre outras, inda que fosen leves, condicionarían significativamente o desenvolvemento das súas capacidades musicais, polo que o profesorado podería necesitar asesoramento e apoio de personal especializado. En todo caso as intervencións nestes casos ten que estar coordinada por todo o profesorado involucrado.

Os alumnos /as con necesidades educativas especiais deberían ter opción a clases de reforzo educativo no propio centro.

Nas actividades colectivas a dificultade surxirá ante a necesidade de manter un fío conductor, de xeito que o rendemento desigual non traia como resultado disfuncións no grupo.





Durante o curso 2021-2022 unha alumna invidente cursa 4º de grao elemental, sendo Mar Fernández (piano) a súa titora, e María Dios a súa profesora de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal. As profesoras continúan a súa formación en musicografía Braille para adaptar as partituras e o material necesario para as clases.

3. Temas transversais

3.1 Educación en valores

A especialidade de Linguaxe Musical radica basicamente no seu carácter maioritariamente procedimental, ao que amplía e ao mesmo tempo esixe unha forte actividade do profesor, da interacción profesor- alumno, e do alumno- alumno.

É por iso que os temas transversais están inscritos en cada unha das actividades da aula, e reciben un tratamento específico en relación con cada aspecto da ensinanza musical. Polo tanto, este sería o tratamento das materias transversais na área que nos ocupa:

1.-Educación ambiental: este tema é relativo ó coñecemento e coidado do entorno, tratando de potenciar as relacións humanas en relación coas persoas e ambiente que as rodea. Incidimos no estudo da contaminación acústica e o nivel de ruidos. A concienciación podémola facer a través de debates, grabacións de sonidos urbanos ou incluso da propia clase en caso de que o nivel de ruidos exceda do recomendable.

2.-Educación para a saúde: entendido como toma de conciencia e coidado corporal. Este tema trátase coa educación psicomotriz traballada co ritmo e a danza, e tamén no coidado do aparato respiratorio e fonador a través do canto, poñendo especial atención na educación da voz e no control da respiración.

3.-Educación para a igualdade entre os sexos: a participación nas actividades da aula favorece a integración e a igualdade fomentando o debido respecto de todos por todos, a través das manifestacións creativas dos alumnos e dun adecuado reparto de





tarefas e responsabilidades. Insistimos nunha linguaxe axeitada sen tópicos sexistas, e un control das actitudes, eliminando as discriminacións que puidera haber por razóns de sexo.

4.-Educación para o consumo. Pretendemos, desde a área de música, desenvolver a actitude crítica ante os estímulos que reciben, en concreto, as distintas produccións musicais de música moderna ás que están acostumados, buscando sempre a adquisición dun criterio propio, e un maior discernimento ante totalas ofertas musicais que reciban a cotío.

5.-Educación para a paz. A educación musical favorece o desenvolvemento e tería que favorecer tamén as relacións humanas. Os contidos relativos ás musicas do mundo tentan achegarnos a pobos e culturas distintos, favorecendo as relacións entre diversas culturas, e as músicas tradicionais tentan achegarnos ás nosas propias raíces.

6.-Educación moral e cívica. A educación trata da formación de persoas, ademais da adquisición de coñecementos e da formación de persoas completas éticamente. Por iso, entre as actitudes que perseguimos están orde, o silencio, a solidariedade, a sensibilidade, o respecto...hábitos que favorecen non só a aprendizaxe da materia en cuestión, e tamén a tolerancia a convivencia e o equilibrio persoal.

3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación

Todas as aulas onde se imparte Linguaxe Musical dispoñen de proxector, ata agora empregado como apoio audivisual as explicacións, recomendación de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas que se tratan, explicación de cómo se realizan determinados exercicios interactivos, aprendizaxe sobre a utilización de editores de partituras, etc.

O emprego das TIC responde á necesidade de recursos que se precisan tanto na materia de LM ou EAV para que o alumno traballe só na casa, sobre todo no aspecto auditivo, sen un profesor que realice un acompañe nas entonacións. Os materiais didácticos interactivos (en cd ou online) individualizan o traballo dos alumnos. Ademais, pódense





adaptar aos seus coñecementos previos e ao seu ritmo de traballo. Resultan moi útiles como actividades complementarias e de recuperación na que os estudantes poden controlar o seu traballo e facilitar a autoavaliación. É frecuente a recomendación de determinadas páxinas, ou programas de traballo auditivo na rede, e próximamente porase en funcionamento un aula virtual onde cada profesor poida colgar as súas actividades.

Durante o curso 2021-2022 os recursos dixitais serán de utilización preferente, empregando os recursos dixitais que estén ao alcance de profesorado e alumnado, especialmente en escenarios de semi-presencialidade ou en caso de confinamento. Priorizarase o emprego de medios proporcionados pola Consellería, aula virtual Moodle, Cisco Webex, e Centros Net para as comunicacións, sempre e cando o alumnado teña acceso a eles. Cada profesor do departamento poderá empregar recursos dixitais adicionais.

3.2.1. Aula virtual

A Consellería de Educación, Universidade e FP facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/conservatoriosantiago/aulavirtual2>

O acceso á mesma está na páxina web do CMUS.

As aulas virtuais utilizaranse como garantía de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino aprendizaxe en calquera dos posibles escenarios (presencial – telemático), polo que o profesorado debe asegurarse da súa participación e implicación no desenvolvemento das clases.

Durante os primeiros días de clase os profesores de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.





3.2.2. Regulamento do uso do móbil e dispositivos electrónicos, así coma de aplicacións dos mesmos

Tal e como se recolle nas NOF do centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sexa con fins didácticos, no emprego de algunha aplicación musical como o metrónomo, afinador, aplicacións con bases armónicas de sons.

Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquer dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET e TOKAPP, e a súa aplicación para dispositivos móbiles.

No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do mobil ou de calquer outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, concertos fóra do centro, etc.. Os alumnos e alumnas e os seus responsables





legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros. De realizarse algunha destas actividades adaptaranse segundo as instrucións das autoridades sanitarias.

Tal e como consta no Plan de Adaptación à situación COVID 19 no curso 2020-2021 no CMUS Santiago de Compostela, as actividades extraescolares quedan suspendidas para o actual curso a menos que a situación epidemiolóxica remita. Tamén mentres a situación epidemiolóxica non remita suspéndense tódolos eventos no Centro.

5. Secuenciación do curso

5.1 Curso: 1º curso de GE

5.1.1 Obxectivos

O-R1. Asimilar conscientemente o pulso e o acento.

O-R2. Dominar os diferentes compases específicos dos contidos e traballar patróns rítmicos específicos en diferentes compases correspondentes ao nivel do curso.

O-R3. Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.

O-R4. Saber ler en clave de sol e máis na propia do instrumento, se fose outra.

O-R5. Desenvolver a lectura a 1ª vista conforme aos contidos deste curso .





O-R6 Combinar e coordinar a voz coas capacidades rítmicas dos membros do corpo: movementos de marcha, salto, balanceo, percusión corporal, reprodución de ostinatos e practicando acompañamentos, para lograr a asociación-disociación e interiorización rítmica das fórmulas básicas do primeiro curso.

O-E1. Adquirir unha correcta emisión da voz para a reprodución melódica, tomando o canto como actividade fundamental.

O-E2 Valorar, na entoación, a correcta afinación dos sons naturais como necesidade imprescindible para a práctica instrumental.

O-E3. Desenvolver a entonación a 1ª vista conforme aos contidos deste curso .

O-E4. Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural a través da adquisición dun repertorio básico.

O-E5. Potenciar a memoria mediante melodías e cancións como medio de desenvolver o oído e conseguir unha mellor comprensión dos elementos musicais presentes na melodía.

O- E6. Interpretar pezas en grupo mediante o canto e a práctica instrumental que permitan ao alumno enriquecer a súa relación afectiva coa música, habituándose a escoitar outras voces e adaptarse ao conxunto.

O-A1. Recoñecer auditivamente, e escribir cando sexa posible, parámetros melódicos, rítmicos, formas, tímbricos, etc. nos niveis que se citan nos contidos do curso.

O-T1. Desenvolver a creatividade musical creando melodías, ritmos, cancións, facendo funcionais os coñecementos adquiridos do curso.

O-T2. Coñecer a estrutura formal básica dunha obra ou fragmento.

O-T3. Aprender a teoría da música básica .

O-T4. Traballar a escritura musical.





O-T5. Aplicar os coñecementos musicais adquiridos de forma autónoma para analizar o repertorio do seu instrumento dende o punto de vista rítmico, melódico e expresivo.

O-Ac1. Comprender a importancia do esforzo e traballo individual, creando pautas para un estudio sistemático.

O-Ac2. Adquirir o hábito de estudio diario

5.1.2 Contidos

1º Trimestre

RITMICOS

C-R1.1. Percepción, identificación e interiorización do pulso e o acento. (*)

C-R1.2. Marcación do pulsación mediante a audición.

C-R2.1. Compases de 2/4, 3/4. (*)

C-R2.2. Figuras de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea. (*)

C-R2.3. Silencios de redonda, branca, negra e corchea. (*)

C-R2.4. Práctica, identificación e coñecemento de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario. Fórmulas rítmicas básicas en compases de subdivisión binaria: (*)



C-R2.5. Aplicación de texto ó ritmo e viceversa adecuados ao nivel.

C-R2.6. Ligadura de expresión.

C-R3. Lectura de fragmentos rítmicos e melódicos.

C-R4. Lectura de notas en clave de Sol e na do instrumento do alumno. (*)

C-R5. Práctica da lectura a primeira vista cos contidos do 1º trimestre (*)

C-R6. Utilización do propio corpo como instrumento de percusión

DA ENTOACIÓ





C-E1. Coñecemento da voz e o seu funcionamento.

C-E.2. Respiración, emisión, articulación, efectos.

C-E3. Práctica, identificación e sensibilización vocal de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais. (*)

C-E4. Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos entre os sons Do, Mi, Sol, Do. (*)

C-E5. Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados. (*)

C-E6. Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento. (*)

C-E7. Reprodución memorizada vocal de fragmentos melódicos ou cancións. (*)

C-E8. Práctica de obras a 1 e dúas voces con e sen acompañamento.

AUDITIVOS

C-A1. Discriminación das cualidades do son: agudos – graves, longos – breves, forte – débil, timbres. (*)

C-A.2. Recoñecemento auditivo das melodías traballadas na clase, expresado oralmente ou por escrito. (*)

C-A.3. Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais. (*)

C-A.4. Escoita de fragmentos melódicos, con representación gráfica dada ou non, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para diferenciar timbres, estruturas formais sinxelas e elementos expresivos fundamentais (*Forte – Piano*). (*)

C-A.5. Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.

TEÓRICOS

C-T1. Iniciación a Composición básica.

C-T2. A frase musical.

C-T3. O pentagrama e as claves (e os seus instrumentos).

C-T4. As notas musicais. (*)

C-T5. As liñas adicionais. (*)





C-T.6. Figuras e silencios.(*)

C-T7. Liñas divisorias e dobre barra.(*)

C-T8. Identificación, coñecemento e interpretación dos matices de intensidade do son:
Forte, Mezzoforte e Piano.(*)

C-T9. Identificación, coñecemento e interpretación dos termos de tempo: *Allegro, Andante, Lento*.(*)

C-T10. Os instrumentos musicais.

C-T11. Caligrafía musical.(*)

C-T12. Aplicación práctica dos conceptos aprendidos mediante o análise de obras empregadas na clase de instrumento.

2º Trimestre

Os contidos anteriores e:

RITMICOS

C-R2.7 Práctica, identificación e coñecemento dos compases 2/4, 3/4 e 4/4.(*)

C-R2.8. Práctica, identificación e coñecemento de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario.

C-R2.9. Fórmulas rítmicas básicas en compases de subdivisión binaria.(*)



C-R2.10. Práctica, identificación e coñecemento de signos que modifican a duración (punto, ligadura e calderón).(*)

C-R3. Lectura de fragmentos rítmico-melódicos cos contidos do trimestre.

C-R4. Lectura de notas en clave de Sol e na do instrumento do alumno. (*)

C-R5. Práctica da lectura a primeira vista cos contidos do 2º trimestre (*)

C-R6. Utilización do propio corpo como instrumento de percusión





C-R. Lectura rítmica falada e percutida.

C-R6. Aprecio da importancia de ritmos simultáneos como axuda ó desenvolvemento da psicomotricidade e da independencia motriz.

C-R. Improvisación rítmica con proposta previa.

DA ENTOACIÓN

C-E1. Práctica, identificación e sensibilización vocal de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais. (*)

C-E. Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos entre os sons Do, Re, Mi, Sol, La, Do'. (*)

C-E. Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados. (*)

C-E. Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento. (*)

C-E. Reprodución memorizada vocal de fragmentos melódicos ou cancións. (*)

AUDITIVOS

C-A Recoñecemento auditivo das melodías traballadas na clase, expresado oralmente ou por escrito. (*)

C-A . Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais. (*)

C-A . Discriminación dos semitóns.

C-A . Escoita de fragmentos melódicos, con representación gráfica dada ou non, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para diferenciar timbres, estruturas formais sinxelas e elementos expresivos fundamentais (*Forte - Piano, Lento - Andante- Allegro, Crescendo – Diminuendo*). (*)

C-A . Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.

TEÓRICOS

C-T. Pregunta – Resposta.

C-T. . Signos de prolongación. (*)





C-T. tempo.Termos básicos e variacións graduais. (*)

C-T. Dinámica: matices básicos e variacións graduais.

C-T. Identificación e coñecemento dos matices de intensidade do son: *Forte*, *Mezzoforte* e *Piano*. (*)

C-T. Identificación e coñecemento dos matices agónicos: *Accelerando* e *Ritardando*.

C-T. Identificación e coñecemento dos termos de tempo: *Lento*, *Andante*, e *Allegro*.(*)


3º Trimestre

Os contidos anteriores e:

RITMICOS

C-R2.11. Práctica, identificación e coñecemento de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario e ternario. (*)

C-R2.12. Fórmulas rítmicas básicas en compases de subdivisión binaria:(*)



C-R. Fórmulas rítmicas básicas en compases de subdivisión ternaria:(*)



C-R. Práctica, identificación e coñecemento de feitos rítmicos característicos: síncopa, anacrusa e notas a contratempo.

C-R.. Práctica e identificación de cambios de compás con equivalencia pulso = pulso. (*)

C-R. Práctica de lectura de notas escritas horizontal ou verticalmente en clave de sol.(*)

C-R.. Lectura de notas en clave de Sol e na do instrumento do alumno. -Iniciación a lectura rítmica intervállica no resto das claves.

C-R.. Improvisación rítmica.

C-R. Ligadura de expresión.





C-R. Aprecio da importancia de ritmos simultáneos como axuda ó desenvolvemento da psicomotricidade e da independencia motriz.

DA ENTOACIÓN

C-E. Entoación de cancións axeitadas ós elementos tonais traballados. (*)

C-E. Práctica, identificación e sensibilización vocal de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais. (*)

C-E. Sensibilización e práctica vocal dos semitóns, mi-fa, si-do. (*)

C-E. Entoación dos intervalos melódicos simples contidos na escala de Do M e La m.

C-E. Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados. (*)

C-E. Escala de Do M e La m e arpexio de tónica. (*)

C-E. Práctica da lectura de notas unido á emisión vocal do son que lles corresponde en Clave de Sol na Tonalidade de Do M e La m. (*)

C-E. Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento. (*)

C-E. Reprodución memorizada vocal de fragmentos melódicos ou cancións. (*)

C-E. Entoación consciente de melodías ou fragmentos baseados nas harmonías de I, IV e V.

AUDITIVOS

C-A. Sensibilización de elementos básicos: tonalidade, modalidade.

C-A. Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais. (*)

C-A. Acordes de tónica e dominante. -Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.

C-A. Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais. (*)

C-A. Escoita de fragmentos melódicos, con representación gráfica dada ou non, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para diferenciar timbres, estruturas





formais sinxelas e elementos expresivos fundamentais (*Forte - Piano, Lento - Andante-Allegro, Crescendo – Diminuendo*).(*)

TEÓRICOS

C-T19. Identificación, coñecemento e interpretación dos matices de intensidade do son: *Forte, Mezzoforte e Piano*. (*)

C-T20. Identificación, coñecemento e interpretación dos matices agóricos: *Accelerando e Ritardando*.

C-T21. Identificación, coñecemento e interpretación dos termos de tempo: *Lento, Andante, e Allegro*. (*)

C-T22. Signos de articulación.

C-T23. Intervalos: concepto e clasificación (ascendentes/descendentes, harmónico/melódicos, simples/compostos) (*)

C-T24. Alteracións propias, accidentais e de precaución. (*)

C-T25. Situación dos Semitóns.

C-T26. A tonalidade: escala diatónica e modalidade.

C-T27. O compás. Subdivisión. (*)

C-T28. Cambios de acentuación: sínkopas e notas a contratempo.

CONTIDOS ACTITUDINAIS (comúns nos tres trimestres)

C-Ac1.1. Asistencia às clases com puntualidade, traendo o material a clase.

C-Ac1.2. Atención na clase.

C-Ac1.3. Traballo de forma autónoma en clase.

C-Ac1.4. Presentación e caligrafía dos exercicios.

C-Ac1.5. Participación activa nos exercicios en grupo.

C-Ac1.6. Adaptación ás regras dos traballos en grupo.

C-Ac1.7. Colaboración e axuda aos compañeiros.

C-Ac1.8. Capacidade de atender ás opinións e ideas dos compañeiros.





C-Ac1.9. Respeto polas normas da clase.

C-Ac1.10. Aceptación das correccións e intento de mellora.

C-Ac1.11. Progreso evolutivo ao longo do curso. (*)

C-Ac1.12. Concentración.

C-Ac1.13. Creatividade.

C-Ac1.14. Motivación e interese á hora de realizar as tarefas.

C-Ac1.15. Organización e reorganización do material recibido.

C-Ac2.1. Realización das tarefas asignadas no tempo establecido na aula.

C-Ac2.2. Realización das tarefas asignadas na casa.

C-Ac2.3 Traballo de forma autónomana casa.

C-Ac2.4. Constancia no estudio.

C-Ac2.5. Realización das actividades de reforzo (de ser o caso) que se propoñan. (*)

C-Ac2.6. Realización das actividades de ampliación (de ser o caso) que se propoñan.

5.1.3 Avaliación

5. 1. 3. 1. Criterios de avaliación

CE-R1. Manter o pulso constante durante a realización dos exercicios e en períodos breves de silencio. Este criterio de avaliación ten por obxecto lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha adecuada execución individual ou colectiva.

CE-R2. Aplicar texto a un ritmo ou viceversa. Trátase de comproba-la capacidade de asociación da acentuación rítmica coa da linguaxe falada.

CE-R3. Executar vocalmente, xunto coa lectura das notas, mediante a percusión ou instrumentalmente, fragmentos rítmicos que inclúan os contidos do curso, de aproximadamente oito compases. Trátase de avalia-la capacidade de encadear as





fórmulas estudiadas e a fluidez da soltura de notas, dentro dun tempo establecido.

CE-R4. Ler melodías en clave de sol e na propia do seu instrumento, valorando o coñecemento das notas nas distintas claves e a súa fluidez.

CE-R5. Executar fragmentos rítmicos e melódicos a primeira vista valorando a soltura o coñecemento e capacidade de interpretación dos elementos da peza.

CE-R6. Executar ritmos simultáneos sinxelos coas dúas mans, avaliando o grao de destreza psicomotriz.

CE-R7. Imitar correctamente estruturas rítmicas e melódicas breves coa voz e a percusión. Trátase de avaliar tanto o grao de memoria como a capacidade de reproducir los aspectos sonoro e motriz con fidelidade.

CE-E1. Reproducir series melódicas, tomando o canto como actividade fundamental valorando a correcta emisión da voz.

CE-E2. Entoar as escalas diatónica de Do M e La m e arpejos de tónica, valórase o coñecemento e afinación da escala e arpejo.

CE-E3. Entoar unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, nas tonalidades de Do M e Lam, de aproximadamente oito compases, aplicando indicacións expresivas. Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, o respecto ós termos de expresión e a aplicación do ritmo e a lectura.

CE-E4. Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural a través da adquisición dun repertorio básico.

CE-E5. Reproducir cancións memorizadas. Este criterio permite avaliar o grado de desenvolvemento da memoria musical.

CE-E6. Interpretar pezas en grupo mediante o canto e a práctica instrumental que permitan ao alumno enriquecer a súa relación afectiva coa música, atendendo ás outras





voces e adaptándose ao conxunto valorando a correcta interpretación vocal e empaste do grupo.

CE-E7. Improvisar estruturas rítmicas e melodías tonais breves como resposta a un fragmento escoitado. Valorarase tanto a capacidade creativa como o grao de adaptación ao modelo proposto.

CE-A1. Identificar auditivamente cambios sinxelos de compás mediante a percusión do acento. Equivalencia pulso=pulso, exemplo 2/4-3/4-4/4, 2/4-6/8 comprobando a percepción do acento.

CE-A2. Recoñecer auditivamente o pulso, acento e o ritmo dunha obra ou fragmento, percutindo cada un deles durante a audición ou o canto de cancións memorizadas previamente, co obxecto de comproba-lo grao de percepción dos mesmos.

CE-A3. Identificar auditivamente movementos melódicos ascendentes, descendentes e sons iguais, así como os contidos rítmicos traballados durante o curso.

CE-A4. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados:Atendendo a parámetros exclusivamente rítmicos Atendendo a parámetros exclusivamente melódicos Atendendo a ambos parámetros en fragmentos máis sinxelos.

CE-A6. Identificar a estrutura formal básica nunha melodía.

CE-T1. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos traballados no curso e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios sinxelos. Con este criterio compróbase o grado de comprensión dos contidos teóricos.

CE-T2. Empregar unha boa caligrafía na escritura musical. Este criterio permite comprobar que o alumnado se expresa musicalmente cunha linguaxe gráfica correcta.





CE-T3. Analizar o repertorio do seu instrumento dende o punto de vista rítmico, melódico e expresivo valorando a aplicación dos coñecementos musicais adquiridos de forma autónoma.

CE-Ac1. Respetar as normas de convivencia dentro e fóra da aula, atendendo a asistencia e puntualidade, ás normas de organización e indicacións do profesor, coidar e usar axeitadamente o material de aula e instalacións do centro, así como facerse responsable do seu material, participar con interés tanto no traballo individual como colectivo amosando respecto e criterio persoal. Verificarase a actitude do alumnado de respecto e traballo dentro da aula e comprobarase que acude a clase cos deberes feitos.

CE-Ac2. Presentar un progreso evolutivo ao longo do curso, demostrar interese pola música en xeral, ser capaz de rematar as tarefas no tempo establecido, tanto na aula como na casa e ser autónomo à hora de resolver as tarefas.

5. 1. 3. 2. Mínimos esixibles

Os contidos marcados con (*) no apartado 5.1.2 son considerados contidos mínimos para superar o primeiro curso.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O 1º TRIMESTRE

RÍTMICOS:

- Lectura de exercicios (estudiados previamente e repentizados) elaborados cos contidos rítmicos mínimos do 1º trimestre executándoos con soltura e corrección, en clave de Sol. Avaliarase o sostemento do pulso, o respecto ó tempo indicado, a precisión rítmica e a soltura na lectura de notas, así como o respecto ás indicacións





de dinámica e agóxica que figuren.

- Contidos rítmicos:



ENTONACIÓN:

- Entoación consciente de obras coas notas Do, Mi, Sol, Do' (estudadas previamente e repentizadas). Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, a realización na entoación o sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica e o respecto ós termos de expresión e a aplicación do ritmo e a lectura.
- Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.
- Memorización de unha obra do repertorio traballado.

AUDITIVOS:

- Realización de exercicios de comprensión auditiva, reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais coas notas Do, Mi, Sol, Do' e cos compases e fórmulas rítmicas establecidos nos mínimos esixibles do 1º trimestre
- Identificación no ditado melódico do sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica.

TEÓRICOS:

- Resolución (de xeito oral ou escrito) de exercicios de aplicación práctica dos contidos teóricos, que conteñan: As notas musicais, as liñas adicionais, figuras e silencios, liñas divisorias e dobre barra, identificación e coñecemento dos matices *Forte*, *Mezzoforte* e *Piano*, identificación, coñecemento dos termos de tempo: *Allegro*, *Andante*, *Lento*, Caligrafía musical..





ACTITUDINAIS (comúns nos 3 trimestres): Presentación das tarefas ou exercicios realizados correctamente, así como as tarefas de reforzo que, de ser o caso, se propoñan. Respeto das normas de organización e indicacións do profesor, mostrando unha actitude correcta na clase con respecto ao profesor, aos compañeiros e ao material de aula e as instalacións do centro. Demostrar interese pola música en xeral.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O 2º TRIMESTRE

Ademáis do esixido no trimestre anterior:

RÍTMICOS: Lectura de exercicios de ritmo e lectura (estudiados previamente e repentizados) elaborados cos contidos mínimos do 2º trimestre executándoos con soltura e corrección, en clave de Sol. Avaliarase o sostemento do pulso, o respecto ó tempo indicado, a precisión rítmica e a soltura na lectura de notas, así como o respecto ás indicacións de dinámica e agónica que figuren.

- Fórmulas rítmicas básicas en compases de subdivisión binaria



ENTOACIÓN:

- Entoación consciente de obras coas notas Do, Re, Mi, Sol, La, Do (estudadas previamente e repentizadas). Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, a realización na entoación o sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica e o respecto ós termos de expresión e a





aplicación do ritmo e a lectura. Realización na entoación o sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica

- Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.
- Interpretación de memoria de unha das obras traballadas no trimestre.

AUDITIVOS:

- Realización de exercicios de comprensión auditiva, reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais coas notas Do, Re, Mi, Sol, La, Do' e cos compases e fórmulas rítmicas establecidos nos mínimos esixibles do 2º trimestre .
- Identificación no ditado rítmico os valores básicos traballados no trimestre.
- Identificación no ditado melódico do sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica.

TEÓRICOS:

- Resolución (de xeito oral ou escrito) de exercicios de aplicación práctica dos contidos teóricos: Signos de prolongación e Termos básicos de tempo e variacións graduais.

ACTITUDINAIS (comúns nos 3 trimestres): Presentación das tarefas ou exercicios realizados correctamente, así como as tarefas de reforzo que, de ser o caso, se propoñan. Respeto das normas de organización e indicacións do profesor, mostrando unha actitude correcta na clase con respecto ao profesor, aos compañeiros e ao material de aula e as instalacións do centro. Demostrar interese pola música en xeral.






MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O 3º TRIMESTRE

Ademáis do esixido no curso anterior:

RÍTMICOS: Lectura de exercicios de ritmo e lectura (estudiados previamente e repentizados) elaborados cos contidos mínimos do 3º trimestre executándoos con soltura e corrección, en clave de Sol. Avaliarase o sostemento do pulso, o respecto ó tempo indicado, a precisión rítmica e a soltura na lectura de notas, así como o respecto ás indicacións de dinámica e agóxica que figuren.

- Fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario.



- Execución de ritmos simultáneos sinxelos coas dúas mans.

ENTONACIÓN:

• Entoación consciente de melodías en Do M da escala,e arpexio de DoM (estudadas previamente e repentizadas). Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, a realización na entoación o sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica e o respecto ós termos de expresión e a aplicación do ritmo e a lectura.

- Entoación aislada escala diatónica de Do M e arpexo de tónica.
- Interpretación de memoria de unha das obras traballadas no trimestre.





AUDITIVOS:

- Realización de exercicios de comprensión auditiva, reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais en DoM e cos compases e fórmulas rítmicas establecidos nos mínimos esixibles do 3º trimestre .
- Identificación no ditado melódico do sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica.

TEÓRICOS:

- Realización de exercicios de aplicación práctica dos contidos teóricos: P.23. Intervalos: concepto e clasificación (ascendentes/descendentes, harmónico/melódicos, simples/compostos), Alteracións propias, accidentais e de precaución. O compás e a subdivisión.

ACTITUDINAIS (comúns nos 3 trimestres):

- Presentación das tarefas ou exercicios realizados correctamente, así como as tarefas de reforzo que, de ser o caso, se propoñan. Respeto das normas de organización e indicacións do profesor, mostrando unha actitude correcta na clase con respecto ao profesor, aos compañeiros e ao material de aula e as instalacións do centro. Demostrar interese pola música en xeral.

Para aprobar a materia deberanse acadar todos os mínimos esixibles para o curso, e unha nota media de cinco ou superior, como queda reflectido no apartado dos criterios de cualificación.





5.1.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

A avaliación da aprendizaxe será continua e procesual, facendo unha avaliación inicial ós contidos a traballar inmediatamente, controlando o proceso de ensino – aprendizaxe a diario e valorando os resultados obtidos con periodicidade para corrixir o que sexa preciso.

Temporalización da avaliación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado comprenderá tres modalidades segundo o momento do curso en que teñan lugar: inicial, procesual e final.

Avaliación inicial. Ao inicio do curso ou de cada fase do aprendizaxe, co fin de determinar o coñecemento previo do alumnado, das súas capacidades e aptitudes, así como do nivel medio de cada grupo concreto.

A avaliación inicial realizarase durante as primeira semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Avaliación procesual. Ao longo do curso, continuamente durante o proceso educativo. Realizaranse observacións directas e sistemáticas que servirán para avaliar os contidos actitudinais, así como exercicios e actividades que permitan comprobar que o





alumnado afianza os contidos e logra os obxectivos previstos, así coma o seu progreso evolutivo ao longo do curso. Polo tanto, de producírense frecuentes faltas de asistencia non é posible esta avaliación procesual.

Avaliación final. Determinarase se o alumnado acadou os obxectivos propostos na programación, valorando non só as probas obxectivas senón tamén o progreso evolutivo, esforzo persoal, a actitude e a participación do alumnado en clase.

A avaliación basearase na observación sistemática e diaria durante as sesións de clase, rexistrando datos precisos do traballo de cada alumno no caderno do profesor: seguimento da asistencia a clase, participación nas diferentes actividades, forma de traballar (tanto individual como en grupo), actitude dos fronte as actividades propostas, destrezas adquiridas a partir das previas, capacidade de atención e resposta, habilidades interpretativas e nivel de lectura alcanzado, tanto rítmica como melódicamente.

Tamén se revisarán os traballos realizados durante as clases así coma as tarefas enviadas a través da aula virtual, a partir de fichas de traballo e interpretación de obras. Todo o material (cadernos, fichas ou tarefas encargadas) será avaliable.

Esta práctica non impide a realización de probas concretas, como un procedemento máis de avaliación, exames parciais ou probas obxectivas, que proporcionen datos para completar as observacións.

A modo de exemplo, as probas poden ser do tipo:

LECTURA RÍTMICA:

- Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol cos contidos do curso recollidos no punto 5.1.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, a precisión rítmica na execución





das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás, a fluidez na lectura de notas en clave de sol e de fa, e a realización das indicacións de dinámica e agónica. Valorarase o mellor ou menor grao de equilibrio da proba no seu conxunto sen aislar os distintos aspectos citados.

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE LECTURA RÍTMICA 1º G.E.					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Lee con fluidez	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Mantén unha pulsación regular	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Realiza con precisión as fórmulas rítmicas do nivel	0.7	1.4	2.1	2.8	3.5
Lee as notas con precisión	0.5	1	1.5	2	2.5
Presta atención ás articulacións e dinámicas	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

ENTONACIÓN:

- Repentización dun exercicio de entonación. Entonación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 5.1.2.. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, a emisión, a identificación e correcta afinación do sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a do arpejo e interválica, do modo maior ou menor, da escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de





articulación, dinámicas, agóxica e carácter. Valorarase o mellor ou menor grao de equilibrio da proba no seu conxunto sen aislar os distintos aspectos citados.

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE ENTONACIÓN 1º G. E.					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Entona con precisión seguindo a linea melódica	0.5	1	1.5	2	2.5
Afina con precisión os intervalos	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Precisión na afinación	0.5	1	1.5	2	2.5
Interpreta as indicacións de tempo, articulacións, agóxica, e dinámicas.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

TEORÍA:

- Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 5. 1. 2. De forma oral ou escrita. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

No caso de que o profesorado precise dalgunha destas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada pola xefatura de estudos. A asistencia a estas probas ten carácter obrigatorio. O alumnado será informado da data de exame cunha antelación mínima de 15 días, e no caso de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a reali-





zar esta proba no horario de titoría asignado polo profesor.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para cada curso, comprobando que os alumnos estean en disposición de acometer o curso seguinte.

Aqueles alumnos que non acaden os obxectivos na avaliación final de xuño terán que amosar o seu grao de consecución na convocatoria de setembro.

Por outra banda hai que destacar as tres sesións de avaliación informativa que puntualmente, por medio da cualificación e no seu caso os informes pertinentes informan ao alumnado, aos pais e nais e ao resto de profesores implicados (especialmente ao titor /a) da evolución do proceso de aprendizaxe. Estas sesións desenvólvense ao remate de cada trimestre, antes de cada período vacacional.

Instrumentos de avaliación:

- Observación da actitude e evolución do alumno.
- Análise dos seus traballos de clase e tarefas a realizar.
- Observación da participación e comportamento nas diferentes actividades.
- As probas específicas que se consideren necesarias.

5. 1. 3. 4. Criterios de cualificación

A cualificación final será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

27 % LECTURA RÍTMICA (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación 50% e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula 50 %)





27 % ENTONACIÓN (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula)

18 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula)

18 % TEORÍA (media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula)

10 % CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS ACTITUDINAIS

ACTITUDE ANTE A MATERIA	Sempre (1.25)	Ás veces (0.6)	Nunca 0
Respecta as normas de convivencia dentro e fora da aula, atendendo as normas de organización da aula e ás indicacións do profesor.			
Asiste regularmente e con puntualidade			
Trae o material a clase e responsabilízase do mesmo			
Participa con interese tanto o traballo individual como colectivo acosando respecto e criterio personal.			
Presenta un progreso evolutivo ao longo do curso.			
Demostra interese pola música xeral.			
Remata as tarefas no tempo establecido tanto na aula como na casa			
É autónomo á hora de resolver as tarefas.			
CUALIFICACIÓN			

REDONDEO:

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación redondearase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, redondearase ao n.º superior.
- con decimais iguais ou inferiores a 4, redondearase ao n.º inferior.

Consideraranse positivas as cualificación iguais ou superiores a 5.





En todo caso, para aprobar a materia deberanse cumprir os mínimos esixibles para cada parte, e acadar unha nota media de cinco ou superior. Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

5. 1. 3. 5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula estarán reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

O procedemento de ampliación de matrícula pódese consultar no artigo 72 das N.O.F. do Centro (dispoñibles na páxina web)

Cada profesor ou profesora deberá realizar un informe onde se acredite se o alumno ou alumna solicitante acadou os obxectivos para ese curso e materia conforme criterios obxectivos.

Para tal fin deberase realizar unha única proba específica, que poderá constar de varias partes. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase cun baremo referido a cada contido avaliado na proba que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.





Os contidos e criterios de avaliación desta proba, así coma os mínimos esixibles para superar o curso, serán os establecidos no curso no que o alumno esté inicialmente matriculado.

Cada exercicio valorarase coa seguinte ponderación:

LECTURA RÍTMICA: 30%

Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol cos contidos do curso recollidos no punto 5.1.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das indicacións de dinámica e agóxica.

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE LECTURA RÍTMICA 1º G.E.					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Lee con fluidez	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Mantén unha pulsación regular	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Realiza con precisión as fórmulas rítmicas do nivel	0.7	1.4	2.1	2.8	3.5
Lee as notas con precisión	0.5	1	1.5	2	2.5
Presta atención ás articulacións e dinámicas	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					



**ENTONACIÓN 30 %:**

Repentización dun exercicio de entonación. Entonación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 5.1.2.. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación do arpeixio e interválica, identificación do modo maior ou menor, a escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agónica e carácter.

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE ENTONACIÓN 1º G. E.					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Entona con precisión seguindo a linea melódica	0.5	1	1.5	2	2.5
Afina con precisión os intervalos	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Precisión na afinación	0.5	1	1.5	2	2.5
Interpreta as indicacións de tempo, articulacións, agónica, e dinámicas.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

TEORÍA: 20 %

Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 5. 1. 2. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.





AUDICIÓN: 20%

Proba auditiva que Incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso, recollidos no punto 5.1.2. recoñecemento de compases, modalidade, indentificación de melodías, recoñecemento de tono e semitono , dictado rítmico, dictado melódico. A segunda parte será a realización dun dictado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado

A cualificación final será de 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios

En todo caso, para aprobar a materia deberanse cumprir os mínimos esixibles para cada parte, e acadar unha nota media de cinco ou superior. Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

5. 1. 3. 6. Procedemento de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.





Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Os contidos e criterios de avaliación desta proba, así coma os mínimos esixibles para superar o curso, serán os establecidos no curso no que o alumno esté inicialmente matriculado.

A proba de avaliación constará de catro partes. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase cun baremo referido a cada contido avaliado na proba que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

LECTURA RÍTMICA: 30%

- Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol cos contidos do curso recollidos no punto 5.1.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das indicacións de dinámica e agóxica.





RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE LECTURA RÍTMICA 1º G.E.					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Lee con fluidez	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Mantén unha pulsación regular	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Realiza con precisión as fórmulas rítmicas do nivel	0.7	1.4	2.1	2.8	3.5
Lee as notas con precisión	0.5	1	1.5	2	2.5
Presta atención ás articulacións e dinámicas	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

ENTONACIÓN 30 %:

- Repentización dun exercicio de entonación. Entonación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 5.1.2.. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación do arpexio e interválica, identificación do modo maior ou menor, a escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agónica e carácter.





RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE ENTONACIÓN 1º G. E.					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Entona con precisión seguindo a linea melódica	0.5	1	1.5	2	2.5
Afinar con precisión os intervalos	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Precisión na afinación	0.5	1	1.5	2	2.5
Interpreta as indicacións de tempo, articulacións, agónica, e dinámicas.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

TEORÍA: 20 %

- Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 5. 1. 2. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

AUDICIÓN: 20%

- Proba auditiva que Incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso, recollidos no punto 5.1.2. recoñecemento de compases, modalidade, indentificación de melodías, recoñecemento de tono e semitono , dictado rítmico, dictado melódico. A segunda parte será a realización dun dictado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.





A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación redondearase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, redondearase ao n.º superior.
- con decimais iguais ou inferiores a 4, redondearase ao n.º inferior.

Consideraranse positivas as cualificación iguais ou superiores a 5.

En todo caso, para aprobar a materia deberanse cumprir os mínimos esixibles para cada parte, e acadar unha nota media de cinco ou superior. Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

5.1.4 Medidas de recuperación

5. 1. 4. 1. Procedementos de recuperación ordinarios

Posto que a avaliación é continua, a recuperación tamén será continua. Para este fin o profesor poderá ofrecer ao alumno as actividades de reforzo ou recuperación que considere necesarias.

Probas extraordinarias

Terán lugar do 13 ao 17 de xuño. O sistema de avaliación





O sistema de avaliación nesta convocatoria consistirá nunha proba na que o alumno deberá acreditar o dominio da programación establecida para todo o curso. Polo tanto, deberá examinarse das catro partes nas que están divididos os contidos: ritmo, entoación, audición e teoría.

O sistema de avaliación na convocatoria de Setembro consistirá nunha proba na que o alumno deberá acreditar o dominio da programación establecida para todo o curso. Polo tanto, deberá examinarse das catro partes nas que están divididos os contidos: ritmo, entoación, audición e teoría.

A proba de avaliación constará de catro partes. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase cun baremo referido a cada contido avaliado na proba que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10. Os contidos e criterios de avaliación desta proba, así coma os mínimos esixibles para superar o curso, serán os establecidos no curso no que o alumno esté inicialmente matriculado.

LECTURA RÍTMICA: 30%

- Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol cos contidos do curso recollidos no punto 5.1.2. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das indicacións de dinámica e agóxica.





RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE LECTURA RÍTMICA 1º G.E.					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Lee con fluidez	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Mantén unha pulsación regular	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Realiza con precisión as fórmulas rítmicas do nivel	0.7	1.4	2.1	2.8	3.5
Lee as notas con precisión	0.5	1	1.5	2	2.5
Presta atención ás articulacións e dinámicas	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

ENTONACIÓN 30 %:

- Repentización dun exercicio de entonación. Entonación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso recollidos no punto 5.1.2.. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación do arpexio e interválica, identificación do modo maior ou menor, a escala e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agónica e carácter.





RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE ENTONACIÓN 1º G. E.					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Entona con precisión seguindo a linea melódica	0.5	1	1.5	2	2.5
Afinar con precisión os intervalos	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Precisión na afinación	0.5	1	1.5	2	2.5
Interpreta as indicacións de tempo, articulacións, agónica, e dinámicas.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

TEORÍA: 20 %

- Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 5. 1. 2. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

AUDICIÓN: 20%

- Proba auditiva que Incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso, recollidos no punto 5.1.2. recoñecemento de compases, modalidade, indentificación de melodías, recoñecemento de tono e semitono , dictado rítmico, dictado melódico. A segunda parte será a realización dun dictado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado





positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación redondearase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, redondearase ao n.º superior.
- con decimais iguais ou inferiores a 4, redondearase ao n.º inferior.

Consideraranse positivas as cualificación iguais ou superiores a 5.

En todo caso, para aprobar a materia deberánse cumprir os mínimos esixibles para cada parte, e acadar unha nota media de cinco ou superior. Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

Plan de reforzo

A partir da información da finalización do curso 2020/21 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe de todo o alumnado.

Na planificación educativa terase en conta a aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso





das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

No departamento de Linguaxe, algúns profesores dispoñen dunha hora de reforzo educativo que o profesor poderá ofertar a aqueles alumnos que considere que deban reforzar ou recuperar aprendizaxes imprescindibles non adquiridas.

5.1.5 Recursos didácticos

Por petición da ANPA no curso 2015-2016 o Departamento acorda empregar como libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos os métodos de A. M. Navarrete: El lenguaje de la música, de 1º g.e. a 2º g.prof.

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

5.2 Curso: 2º curso de GE

5.2.1. Obxectivos

O-R1. Dominar os diferentes compases específicos dos contidos e traballar patróns rítmicos específicos en diferentes compases correspondentes ao nivel do curso.

O-R2. Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.

O-R3. Saber ler en clave de sol e fa en 4ª, máis na propia do instrumento, se fose outra.





O-R4. Desenvolver a lectura e entoación a 1ª vista.

O- R5. Coñecer e desenvolver o estudo da equivalencia.

O-R6. Coñecer melodías tradicionais e a utilización das fórmulas rítmicas correspondentes a este curso nas mesmas.

O-R7. Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.

O-R8. Realizar as articulacións e as dinámicas requiridas tanto na lectura rítmica como na entoación.

O-E1. Adquirir unha correcta emisión da voz para a reprodución melódica.

O-E2. Entoar movementos melódicos (ascendentes, descendentes e iguais), intervalos, escalas, acordes e alteracións accidentais tanto dentro do contexto tonal coma de maneira illada.

O-E3. Saber entoar en grupo melodías sinxelas a dúas voces.

O-E4. Conseguir improvisar secuencias rítmicas e melódicas conforme aos contidos deste curso.

O-A1. Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo (melódico, rítmico, formal).

O-A2. Representar graficamente fragmentos musicais, escoitados ou previamente memorizados, mediante ditado cunha escritura correcta acorde aos contidos do curso.

O-T1. Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da linguaxe musical.

O-T2. Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica.

O-T3. Aplicar na práctica todos os conceptos teóricos aprendidos.

O-T4. Relacionar os coñecementos que se adquiren na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.





O-Ac1. Comprender a importancia do esforzo e traballo individual, creando pautas para un estudio sistemático.

O-Ac2. Adquirir-lo hábito de estudio diario.

5. 2. 2. Contidos

1º trimestre:

Os contidos do 1º curso e:

RÍTMICOS

C-R1. Práctica, identificación e coñecemento de:

Compases: C, 6/8 (*)

Síncopa, anacruse e notas a contratempo. (*)

Figuras e fórmulas rítmicas: (*)

Figuras e fórmulas rítmicas en subdivisión binaria: todos os contidos no 1º curso e:



Figuras e fórmulas rítmicas en subdivisión ternaria: os contidos no 1º curso e:



Grupos rítmicos ternarios contidos nun pulso binario. (*)

Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ao nivel.





Aprecio da importancia de ritmos simultáneos como axuda ó desenvolvemento da psicomotricidade e da independencia motriz.

Práctica de lectura articulada horizontal e verticalmente en clave de sol en segunda. (*)

Iniciación á lectura na clave de Fa en 4a liña e na do instrumento do alumnado.

Lectura a primeira vista. (*)

Práctica e identificación de cambios de compás con equivalencia pulso = pulso.

Aplicación destes ritmos a repertorio tradicional: muiñeira e maneo.

Improvisación rítmica con proposta previa tendo en conta os contidos do trimestre.

DA ENTOACIÓN

Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento. (*)

Entoación de fragmentos, cancións ou melodías axeitadas ós elementos melódicos, tonais e harmónicos traballados. (*)

Sensibilización e práctica do sentimento tonal e modo maior e menor. (*)

Entoación de cancións, obras e melodías en Do maior e La menor ou con cambio de modo ao tono homónimo (Do M – Do m / La m – La M). (*)

Coidar a respiración, emisión e articulación da voz. (*)

Práctica, identificación e sensibilización vocal de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais. (*)

Entoación interválica sinxela dos intervalos de: tono, semitono, 4a, 5a e 8a xusta. (*)

Introdución á alteración accidental.

Entoación de melodías empregando a escala natural e harmónica. (*)





Entoación dos acordes de I, IV e V nas tonalidades traballadas. (*)

Lectura entoada e incorporación da entoación a dúas voces sinxelas.

Improvisación melódica con proposta previa tendo en conta os contidos do trimestre.

Entoación a primeira vista. (*)

AUDITIVOS

Sensibilización de modo maior e menor. (*)

Sensibilización de tono e semitono. (*)

Discriminación dos acordes de tónica e dominante nas tonalidades traballadas.

Discriminación dos intervalos de 4a, 5a e 8a xusta. (*)

Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades traballadas. (*)

Identificación das fórmulas rítmicas traballadas. (*)

Alteracións. Diferenciación do efecto de sostenido e bemol.

Reproducción de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos elementais. (*)

Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e escoitado.

Escoita de fragmentos melódicos, con representación gráfica dada ou non, aplicando o oído interno e asociando a melodía coa escritura, para diferenciar timbres, estruturas formais sinxelas e elementos expresivos fundamentais.

Recoñecemento auditivo dos aspectos abordados na teoría deste trimestre.

TEÓRICOS

Exercicios de caligrafía musical.





Repaso das alteracións e o seu efecto. (*)

Tono e semitono (repaso). (*)

Identificación de sínkopas, notas a contratempo.

Compases simples e compostos.

Grupos de valoración especial: tresillos e dosillo.

Intervalos. (*)

O modo Maior e menor. (*)

Construción das escalas traballadas. (*)

Coñecemento dos acordes de tónica e dominante das tonalidades traballadas. (*)

Dinámicas.

Modificacións de tempo: *accelerando*, *ritardando*.

Aplicación na práctica dos conceptos teóricos aprendidos. Análise de melodías.

Coñecemento dos trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, cambios de compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...)

2º Trimestre

Os contidos anteriores e:

RÍTMICOS

Compases: 3/8

Práctica, identificación e coñecemento de feitos rítmicos característicos: síncope, anacruse e notas a contratempo. (*)

Figuras e fórmulas rítmicas: (*)






Figuras e fórmulas rítmicas en subdivisión binaria: os contidos no 1º trimestre e:



Figuras e fórmulas rítmicas en subdivisión ternaria: os contidos no 1º trimestre e:



Grupos rítmicos ternarios contidos nun pulso binario. (*)

Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ao nivel.

Aprecio da importancia de ritmos simultáneos como axuda ó desenvolvemento da psicomotricidade e da independencia motriz.

Práctica de lectura articulada horizontal e verticalmente en clave de sol en segunda, Fa en 4a liña e na do instrumento do alumnado. (*)

Lectura a primeira vista. (*)

Práctica e identificación de cambios de compás con equivalencia pulso = pulso.

Aplicación destes ritmos a repertorio tradicional: marcha e mazurca.

Improvisación rítmica con proposta previa tendo en conta os contidos do trimestre.

DA ENTOACIÓN

Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento. (*)





Entoación de fragmentos, cancións ou melodías axeitadas ós elementos melódicos, tonais e harmónicos traballados. (*)

Sensibilización e práctica do sentimento tonal e modo maior e menor (continuación). (*)

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Para tal fin deberase realizar unha única proba específica, que poderá constar de varias partes. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase cun baremo referido a cada contido avaliado na proba que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

Os contidos e criterios de avaliación e cualificación desta proba, así como os mínimos esixibles para superar o curso, serán os establecidos no curso no que o alumno esté inicialmente matriculado, eliminando os contidos actitudinais relacionados coa asistencia ás aulas que non poden ser avaliados..

Cada exercicio da proba valorarase coa seguinte ponderación:

LECTURA RÍTMICA: 30%

Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol e Fa na 4ª liña, ou outros cambios de clave correspondentes aos contidos do curso, que





inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia, o emprego de novas grafías em compases tradicionais e ritmos atípicos. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, o respecto ao tempo indicado, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das articulacións e indicacións de dinámica e agónica.

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE LECTURA RÍTMICA					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Lee con fluidez	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Mantén unha pulsación regular	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza correctamente os cambios de compás e equivalencias	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Executa correctamente todos os compases	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Realiza con precisión as fórmulas rítmicas do nivel	0.5	1	1.5	2	2.5
Lee as notas con corrección nas diferentes claves	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza as indicacións de tempo, articulacións, agónica e dinámica.	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
CUALIFICACIÓN					





ENTONACIÓN 30 %:

Repentización dun exercicio de entonación. Entonación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexios e intervállica, identificación do modo maior ou menor, escalas empregadas, identificación da modalidade de ser o caso, e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agónica e carácter.





RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE ENTONACIÓN					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Entona seguindo a linea melódica	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Afinar con precisión as escalas empregadas	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Diferencia o modo maior/menor, tonalidade ou modalidade	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Afinar con precisión os intervalos	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Precisión na afinación	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Interpreta as indicacións de tempo, articulacións, agónica, e dinámicas.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

TEORÍA: 20 %

Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 5. 6. 2. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado

AUDICIÓN: 20%

Proba auditiva que Incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso:: recoñecemento de compases, modalidade, indentificación





de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, recoñecemento dos modos, estruturas armónicas, colocación do acompañamento ou baixo a unha melodía dada. A segunda parte será a realización dun dictado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, considerandose positiva a partir do 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación redondearase:

- -con decimais iguais ou superiores a 5, redondearase ao n.º superior.
- -con decimais iguais ou inferiores a 4, redondearase ao n.º inferior.

En todo caso, para aprobar a materia deberanse cumprir os mínimos esixibles para cada parte, e acadar unha nota media de cinco ou superior. Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

5. 6. 4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Posto que a avaliación é continua, a recuperación tamén será continua. Para este fin o profesor poderá ofrecer ao alumno as actividades de reforzo ou recuperación que considere necesarias.





Probas extraordinarias

O sistema de avaliación na convocatoria extraordinaria terá lugar do 13 ao 17 de xuño e consistirá nunha proba na que o alumno deberá acreditar o dominio da programación establecida para todo o curso. Polo tanto, deberá examinarse das catro partes nas que están divididos os contidos: ritmo, entoación, audición e teoría. Os contidos e criterios de avaliación desta proba, así coma os mínimos esixibles para superar o curso, serán os establecidos no curso no que o alumno esté inicialmente matriculado.

A proba de avaliación constará de catro partes. Cada exercicio cualificarase tendo en conta a asimilación dos contidos específicos da materia en cada área de coñecementos e os seus correspondentes criterios de avaliación e puntuarase cun baremo referido a cada contido avaliado na proba que figurará no enunciado das mesmas. Cada un deses elementos será valorado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado. A suma total das puntuacións será de 10.

LECTURA RÍTMICA: 30%

Repentización dunha lectura rítmica articulada. Realización dun exercicio en clave de Sol e Fa na 4ª liña, ou outros cambios de clave correspondentes aos contidos do curso, que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia, o emprego de novas grafías em compases tradicionais e ritmos atípicos. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o sostemento do pulso, o respecto ao tempo indicado, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das articulacións e indicacións de dinámica e agóxica.





RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE LECTURA RÍTMICA					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Lee con fluidez	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Mantén unha pulsación regular	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza correctamente os cambios de compás e equivalencias	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Executa correctamente todos os compases	0.4	0.8	1.2	1.6	2
Realiza con precisión as fórmulas rítmicas do nivel	0.5	1	1.5	2	2.5
Lee as notas con corrección nas diferentes claves	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza as indicacións de tempo, articulacións, agónica e dinámica.	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
CUALIFICACIÓN					

ENTONACIÓN 30 %:

Repentización dun exercicio de entonación. Entonación dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos do presente curso. Esta proba realizarase a primeira vista. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpexios e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas empregadas, identificación da modalidade de ser o caso, e demais conti-





dos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter.

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE ENTONACIÓN					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Entona seguindo a linea melódica	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Afinar con precisión as escalas empregadas	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Diferencia o modo maior/menor, tonalidade ou modalidade	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Afinar con precisión os intervalos	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Precisión na afinación	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Interpreta as indicacións de tempo, articulacións, agóxica, e dinámicas.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

TEORÍA: 20 %

Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos, recollidos no punto 5. 6. 2. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado





AUDICIÓN: 20%

Proba auditiva que Incluirá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos sobre os contidos do curso:: recoñecemento de compases, modalidade, indentificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, recoñecemento dos modos, estruturas armónicas, colocación do acompañamento ou baixo a unha melodía dada. A segunda parte será a realización dun dictado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, considerandose positiva a partir do 5.

REDONDEO: Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación redondearase:

- con decimais iguais ou superiores a 5, redondearase ao n.º superior.
- con decimais iguais ou inferiores a 4, redondearase ao n.º inferior.

En todo caso, para aprobar a materia deberanse cumprir os mínimos esixibles para cada parte, e acadar unha nota media de cinco ou superior. Aos alumnos/as que non amosen a asimilación dos contidos mínimos esixibles non se lles aplicará a ponderación, resultando a súa cualificación inferior a 5.

Plan de reforzo

A partir da información da finalización do curso 2020/21 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os





departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe de todo o alumnado.

Na planificación educativa terase en conta a aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

No departamento de Linguaxe, algúns profesores dispoñen dunha hora de reforzo educativo que o profesor poderá ofertar a aqueles alumnos que considere que deban reforzar ou recuperar aprendizaxes imprescindibles non adquiridas.

5. 6. 5. Recursos didácticos

Por petición da ANPA no curso 2015-2016 o Departamento acorda empregar como libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos os métodos de A. M. Navarrete: El lenguaje de la música, de 1º g.e. a 2º g.prof.

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Os departamentos reuniranse, con carácter xeral, unha vez ao mes.

Unha vez ao mes a reunión dedicarase a facer o seguimento da programación didáctica. Nesta valoración incluíránse os obxetivos non acadados de cada una das





materias. Nestas reunións cada profesor aporta un documento de seguemento da avaliación onde rexistra as modificacións ou suxerencias a realizar na programación así coma as observacións dos grupos e a súa evolución.

Ademáis, ao remate de cada trimestre, recolleranse os datos puntuais das tres avaliacións, realizándose as porcentaxes para avaliar os resultados

É función do departamento didáctico participar no seguimento mensual, cando menos, da programación didáctica, e elaborar, rematado o curso escolar, unha memoria anual na que se avalíe a súa aplicación.

7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Ao remate de cada trimestre valorarase o funcionamento interno do departamento en función dos datos obxetivos recollidos polo mesmo. Cada departamento implementará o sistema máis axeitado para relizar dita valoración.

Á vista das actas correspondentes, os departamentos, despois das avaliacións ordinarias de final de curso, recollerán nunha memoria, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.
- b) Motivo das modificacións.
- c) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.
- d) Propostas para a programación didáctica do curso seguinte.





8. ANEXOS

8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

O exercicio teórico-práctico constará de catro partes nos que se valorará a capacidade de comprensión auditiva, de entonación, de realización rítmica e lectura de notas dos aspirantes, así como os seus coñecementos teóricos.

1. Lectura rítmica

Repentización dun exercicio en clave de Sol e Fa na 4ª liña, que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia, empregando as figuracións rítmicas reflexadas nos contidos da proba, así coma articulacións e dinámicas.

2. Entonación

Entonación a primeira vista dunha melodía en clave de Sol e sen texto que poderá estar acompañada de piano pero sen dobrar a melodía, nunha tonalidade de ata 4 alteracións, con posibilidade de modulación a tono veciño ou homónimo, emprego dos tipos de escalas diatónicas maiores ou menores, pentatónica, hexátónica ou cromática. O aspirante entoará o exercicio sen axuda do piano. O tribunal poderá darlle algún son de referencia en caso de que o aspirante perda a referencia tonal durante a súa realización.

3. Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos

Proba escrita que consistirá na resolución dunha serie de exercicios sobre os contidos teóricos. A proba poderá constar de exercicios de identificación ou construción de:





intervalos en número e especie e a súa inversión, tipos de escalas diatónicas e outras escalas, tipos de acordes e o seu estado, tonalidades, graos tonais e modais, tipos de semitóns, enharmonías e cadenzas, exercicio de análise dunha partitura ou fragmento onde se identifiquen tanto os contidos anteriores coma a súa forma, análise harmónico e identificación de notas extrañas, ou calquera outro exercicio relacionado cos contidos anteriormente indicados.

4. Proba onde se avalíe a capacidade auditiva.

Proba escrita que incluírá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos: recoñecemento de compases, modalidade, indentificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, dictado rítmico, dictado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Antes de comezar o ditado, o profesor tocará o La 440, o esquema armónico I-IV-V- I da tonalidade do ditado e o pulso. A continuación poderase escoitar o exercicio enteiro para deducir o compás e logo por fragmentos. TO profesor tocará 4 veces cada fragmento. Entre fragmento e fragmento, tocará os enlaces. Finalmente o profesor interpretará o ditado rítmico-melódico enteiro de novo.

Observacións

As probas de entoación e ritmo serán individuais e realizaranse despois da proba instrumental. O aspirante terá uns minutos para a preparación dos exercicios de ritmo e entoación. Durante ese tempo o aspirante non poderá empregar a axuda de ningún tipo. Soamente se permitirá o emprego do diapasón.

As probas teórica e auditiva poderanse realizar en grupos. Ao comezo destas probas indicárase o tempo máximo para a súa realización. Os aspirantes deberán asistir ás probas de teoría e auditiva provistos de lapis, goma e bolígrafo azul. Permítirase o uso





do diapasón para a realización do exercicio auditivo.

Contidos do exercicio teórico-práctico

As probas incluírán contidos dos cursos de grao elemental anteriores ao que se accede, incluíndo tanto os de Linguaxe Musical como os de Educación Auditiva e Vocal. Estes contidos están detallados nas programacións didácticas de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal dispoñibles na web do centro.

Criterios de avaliación

- Executar con corrección fórmulas rítmicas que conteñan as dificultades traballadas nos cursos anteriores ao que se pretende acceder, mantendo o pulso constante, con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas.
- Manter o pulso durante períodos de silencio.
- Interpretar con precisión as equivalencias nos cambios de compás e identificalos auditivamente.
- Interpretar con precisión os cambios de acentuación producidas polo debuxo rítmico.
- Entoar, con precisión na afinación, e aplicando as indicacións expresivas presentes na partitura, unha melodía ou canción tonal con acompañamento ou sen el.
- Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática.
- Identificar auditivamente e reproducir por escrito os ditados de dificultade acorde ao nivel.





- Identificar intervalos melódicos e/ou harmónicos maiores, menores e xustos nun rexistro medio.
- Identificar auditivamente aspectos musicais como o compás, o modo, acordes, tipos de escala.
- Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.
- Expresar por escrito os conceptos teóricos e demostrar a súa comprensión aplicándoo a exercicios prácticos.

Criterios de cualificación

A cualificación final da proba será a media aritmética ponderada segundo o seguinte::

- **30% Lectura rítmica.** Valorarase o sostemento do pulso, o respecto ao tempo indicado, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das articulacións e indicacións de dinámica e agóxica.
- **30% Entonación.** Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpeixos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas empregadas, identificación da modalidade de ser o caso, identificación das modulacións se as houberse e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxica e carácter





- **20% Desenvolvemento auditivo.** Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado
- **20% Teoría.** Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado

O resultado final expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10. Consideraranse positivas as cualificación iguais ou superiores a 5.

Criterios de corrección:

Rúbrica de cualificación do exercicio de lectura rítmica

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE LECTURA RÍTMICA					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Lee con fluidez	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Mantén unha pulsación regular	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza a equivalencia pulso=pulso	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza a equivalencia subdivisión=subdivisión	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Realiza con exactitude as fórmulas rítmicas do nivel	0.5	1	1.5	2	2.5
Lee en clave de Sol con precisión	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Lee en clave de Fa con precisión	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza as indicacións de tempo, articulacións, agónica e dinámica.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

**Rúbrica de cualificación o exercicio de entonación**

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE ENTONACIÓN					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Entona seguindo a linea melódica	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Afinar con precisión as escalas empregadas	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Entona o modo maior ou menor	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Afinar con precisión os intervalos	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Precisión na afinación	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Interpreta as indicacións de tempo, articulacións, agónica, e dinámicas.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

Os criterios de corrección dos exercicios escritos teórico e auditivo figurarán nos seus enunciados.





8.2 Probas de acceso a outros cursos

PROBAS DE ACCESO AO 2º, 3º, 4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL:

A proba constará de catro partes nos que se valorará a capacidade de comprensión auditiva, de entonación, de realización rítmica e lectura de notas dos aspirantes, así como os seus coñecementos teórico-prácticos.

1. Lectura rítmica

Repentización dun exercicio en clave de Sol (tamén na clave de Fa en 4ª liña para os accesos a 3º e 4º), que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia (agás no acceso a 2º), empregando as figuracións rítmicas reflexadas nos contidos da proba, así coma articulacións e dinámicas.

2. Entonación

Entonación a primeira vista dunha melodía en clave de Sol e sen texto, que poderá estar acompañada de piano pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos dos cursos anteriores aos que se acceda. O tribunal poderá darlle algún son de referencia en caso de que perda a referencia tonal durante a súa realización.

3. Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos

Proba escrita que consistirá na resolución dunha serie de exercicios sobre os contidos teórico. A proba poderá constar de exercicios de identificación ou construción de: compases, figuras e silencios e fórmulas rítmicas (acceso a 2º g.e.), coñecemento dos termos de tempo, dinámica e agónica, intervalos en número (acceso a 2º g.e.) e especie (acceso a 3º e 4º) e a súa inversión, tonalidades, tipos de escalas diatónicas e outras escalas, tipos de acordes e o seu estado, graos tonais e modais, tipos de semitóns,





enarmonías e cadenzas, exercicio de análise dunha partitura ou fragmento onde se identifiquen tanto os contidos anteriores coma a súa forma, análise armónico e identificación de notas extrañas, ou calquera outro exercicio relacionado cos contidos anteriormente indicados.

4. Proba onde se avalíe a capacidade auditiva

Proba escrita que incluírá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos: recoñecemento de compases, modalidade, indentificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, dictado rítmico, dictado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Antes de comezar o ditado, o profesor tocará o La 440, o esquema armónico I-IV-V- I da tonalidade do ditado e o pulso. A continuación poderase escoitar o exercicio enteiro para deducir o compás, e logo por fragmentos. O profesor tocará 4 veces cada fragmento. Entre fragmento e fragmento, o profesor tocará os enlaces. Finalmente o profesor interpretará o dictado rítmico-melódico enteiro de novo.

•

Observacións

As probas de entoación e ritmo serán individuais e realizaranse despois da proba instrumental. O alumno terá uns minutos para a preparación dos exercicios de ritmo e entoación. Durante este tempo os alumnos non poderán empregar a axuda de ningún instrumento. Soamente se permitirá o emprego do diapasón.

As probas teórica e auditiva poderanse realizar en grupos. Ao comezo destas probas indicárase o tempo máximo para a súa realización. Os aspirantes deberán asistir á proba Dee tendo dúas horas para realización das dúas probas. Deberán asistir ás probas de teoría e auditiva provistos de lapis, goma e bolígrafo azul. Permítirase o uso do diapa-





són para a realización do exercicio auditivo.

Contidos do exercicio teórico-práctico

As probas incluírán contidos dos cursos de grao elemental anteriores ao que se accede, incluíndo tanto os de Linguaxe Musical como os de Educación Auditiva e Vocal. Estes contidos están detallados nas programacións didácticas de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal dispoñibles na web do centro.

Criterios de avaliación

- Executar con corrección fórmulas rítmicas que conteñan as dificultades traballadas nos cursos anteriores ao que se pretende acceder, mantendo o pulso constante, con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas.
- Manter o pulso durante períodos de silencio.
- Interpretar con precisión as equivalencias nos cambios de compás e identificalos auditivamente.
- Interpretar con precisión os cambios de acentuación producidas polo debuxo rítmico.
- Entoar, con precisión na afinación, e aplicando as indicacións expresivas presentas na partitura, unha melodía ou canción tonal con acompañamento ou sen el.
- Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática.
- Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados de dificultade acorde ao nivel.
- Identificar intervalos melódicos e/ou harmónicos maiores, menores e xustos nun





registro medio.

- Identificar auditivamente aspectos musicais como o compás, o modo, acordes, tipos de escala.
- Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.
- Expresar por escrito os conceptos teóricos e demostrar a súa comprensión aplicándolos a exercicios prácticos.

○ **Criterios de cualificación**

A cualificación final da proba será a media aritmética ponderada segundo o seguinte::

30% Lectura rítmica. Valorarase o sostemento do pulso, o respecto ao tempo indicado, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das articulacións e indicacións de dinámica e agónica.

30% Entonación. Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpeixos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas empregadas, identificación da modalidade de ser o caso, identificación das modulacións se as houberse e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agónica e carácter

20% Desenvolvemento auditivo. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado





20% Teoría. Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado

As puntuacións definitivas obtidas polo alumnado nas probas de acceso a calquera dos cursos do grao elemental axustaranse á cualificación numérica de 1 a 10, ata un máximo dun decimal.

Criterios de corrección

Os criterios de corrección de cada exercicio figurarán nos seus enunciados.

PROBAS DE ACCESO AO 2º – 6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL: EXERCICIO TEÓRICO - PRÁCTICO

O exercicio teórico-práctico constará de catro partes nos que se valorará a capacidade de comprensión auditiva, de entonación, de realización rítmica e lectura de notas dos aspirantes, así como os seus coñecementos teóricos.

1. Lectura rítmica

Repentización dun exercicio en clave de Sol e Fa na 4ª liña, ou outros cambios de clave correspondentes aos contidos do curso, que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia, o emprego de novas grafías en compases tradicionais e ritmos atípicos.

2. Repentización dun exercicio de entonación.





Entonación a primeira vista dunha melodía en clave de Sol e sen texto, que poderá estar acompañada de piano pero sen dobrar a melodía. O aspirante entoará o exercicio sen axuda do piano. O tribunal poderá darlle algún son de referencia en caso de que o aspirante perda a referencia tonal durante a realización do exercicio.

3. Proba onde se avalíen os coñecementos teóricos.

Proba escrita que consistirá na resolución dunha serie de exercicios sobre os contidos teóricos. A proba poderá constar de exercicios de identificación ou construción de: intervalos en número e especie e a súa inversión, tipos de escalas diatónicas e outras escalas, escalas modais, tipos de acordes e o seu estado, tonalidades, graos tonais e modais, tipos de semitóns, enharmonías e cadenzas, transporte con e sen cambio de clave (acceso a 3º 4º 5º e 6º), exercicio de análise dunha partitura ou fragmento onde se identifiquen tanto os contidos anteriores coma a súa forma, análise armónico e identificación de notas extrañas, ou calquera outro exercicio relacionado cos contidos anteriormente indicados.

4. Proba onde se avalíe a capacidade auditiva.

Proba escrita que incluírá dúas partes: A primeira parte constará dunha serie de exercicios auditivos: recoñecemento de compases, modalidade, indentificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, dictado rítmico, dictado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte será a realización dun dictado dun fragmento rítmico-melódico a dúas voces. Antes de comezar o ditado, o profesor tocará o La 440, o esquema armónico I-IV-V-I da tonalidade do ditado e o pulso. A continuación poderase escoitar o exercicio enteiro para deducir o compás e logo por fragmentos. O profesor tocará 4 veces cada fragmento. Entre fragmento e fragmento, o





profesor tocará os enlaces. Finalmente interpretarase o ditado rítmico-melódico enteiro de novo.

Observacións

As probas de entoación e ritmo serán individuais e realizaranse despois da proba instrumental. O aspirante terá uns minutos aproximadamente para a preparación dos exercicios de ritmo e entoación. Durante ese tempo o aspirante non poderá empregar a axuda de ningún tipo. Soamente se permitirá o emprego do diapasón.

As probas teórica e auditiva poderanse realizar en grupos. Ao comezo destas probas indicárase o tempo máximo para a súa realización. Os aspirantes deberán asistir ás probas de teoría e auditiva provistos de lapis, goma e bolígrafo azul. Permítirase o uso do diapasón para a realización do exercicio auditivo.

Contidos do exercicio teórico-práctico

As probas incluírán contidos dos cursos anteriores ao que se accede. Estes contidos están detallados nos apartados 5.5.1 e 5.6.2. da programación didáctica de Linguaxe Musical dispoñible na web do centro.

Criterios de avaliación

- Executar con corrección fórmulas rítmicas que conteñan as dificultades traballadas nos cursos anteriores ao que se pretende acceder, mantendo o pulso constante, con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas.
- Manter o pulso durante períodos de silencio.





- Interpretar con precisión as equivalencias nos cambios de compás e identificalos auditivamente.
- Interpretar con precisión os cambios de acentuación producidas polo debuxo rítmico.
- Entoar, con precisión na afinación e aplicando as indicación expresivas presentes na partitura, unha melodía ou canción tonal con acompañamento ou sen el.
- Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática.
- Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados de dificultade acorde ao nivel.
- Identificar intervalos melódicos e/ou harmónicos maiores, menores e xustos nun rexistro medio.
- Identificar auditivamente aspectos musicais como o compás, equivalencias, o modo, acordes, tipos de escala, estruturas harmónicas.
- Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.
- Expresar por escrito os conceptos teóricos e demostrar a súa comprensión aplicándoo a exercicios prácticos.

Criterios de cualificación

A cualificación será a media aritmética ponderada de cada área de coñecementos:

30% Lectura rítmica: Valorarase o sostemento do pulso, o respecto ao tempo indicado, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realiza-





ción das articulacións e indicacións de dinámica e agónica.

30% Entonación: Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o sentido ascendente ou descendente e sucesión de sons iguais, a identificación dos arpejos e interválica, identificación do modo maior ou menor, escalas empregadas, identificacións das modulacións se as houbera, identificación da modalidade de ser o caso, e demais contidos do curso, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agónica e carácter.

20% Desenvolvemento auditivo: Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

20% Teoría: Valorarase cada elemento avaliado positiva ou negativamente segundo sexa correcta ou incorrectamente empregado.

As puntuacións definitivas obtidas polos aspirantes nas probas de acceso a calquera dos cursos do grao elemental axustaranse á cualificación numérica de 1 a 10, ata un máximo dun decimal. Cumprirá obter, como mínimo, a cualificación de cinco puntos para superar a proba.

○ **Criterios de corrección**

Os criterios de corrección de cada exercicio figurarán nos seus enunciados.

8.3 ADAPTACIÓN DA PD EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

Segundo as instrucións do 31 de xullo de 2020 para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020- 2021 Dirección Xeral de Educación, Formación





Profesional e Innovación Educativa e a Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, este anexo recolle as adaptacións da Programación Didáctica así coma os diferentes escenarios que se poden contemplar en función da situación sanitaria.

A programación didáctica elabórase contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial.

Ensino presencial. Consideracións xerais na aula ordinaria.

A programación contempla o ensino presencial.

Tal e como consta na Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non Universitario de Galicia

Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.

Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo. Recoméndase que no caso de ter que achegarse ao encerado cada alumno/a teña entre o seu material un xiz ou rotulador de encerado branco ou que se desinfecte o común antes de cada uso.

Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.





Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.

No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula dedicáranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).

Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans se non o fixo previamente.

Evitarase o desprazamento do alumnado da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

Ensino non presencial. Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso do ensino a distancia

Ensino non presencial en caso de estado de alerta sanitaria

No caso de que a situación sanitaria o requira, contemplárase o ensino non presencial. Neste caso seguirán vixentes os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que constan na programación, sen prexucio das adaptacións que o os departamentos consideren se se da o caso.

As clases realizaránse de modo telemático no mesmo horario que o alumno tiña asignado anteriormente.

As aulas virtuais facilitadas a todos os centros pola Consellería de Educación, Universidade e FP, serán a vía principal utilizada para a realización da docencia.

Para a realización destas clases, utilizaranse as ferramentas que mellor se adaptan tanto ao alumnado como ao profesorado, priorizando as provistas pola Consellería se fose axeitado tanto para alumnado como para o profesorado, é dicir o correo corporativo e Centros Net para as comunicacións coas familias e alumnado, a aula virtual Moodle a plataforma Cisco Webex para as vídeoconferencias.





De ser precisa a docencia non presencial debido a un cambio na situación sanitaria, se traballarán ao longo do curso os contidos mínimos de cada curso, e non se abordarán novos contidos ata ter cumpridos eses mínimos polo alumnado.

Ensino non presencial nas situacións de cuarentena preventiva.

No caso en que un alumno ou profesor se atope nunha situación de cuarentena preventiva, poderase facer o seguemento das clases a través da aula virtual do seu curso e profesor. As clases desenvolveranse de modo telemático no mesmo horario que o alumno tiña asignado anteriormente.

Unha vez incorporado ás aulas, no caso de que o alumno presente dificultades derivadas da non asistencia ás clases presenciais, poderáselle ofertar a asistencia no horario de reforzo asignado ao seu profesor, así como a realización de actividades de reforzo ou recuperación.

Envío de tarefas

Para o envío de tarefas, o alumnado empregará os medios dispostos para tal fin, respetando os prazos, formatos e protocolos para o seu envío. Para as tarefas de lectura rítmica e entoación, o alumnado deberá enviar arquivos de vídeo, ou no seu defecto de audio, preferiblemente nos formatos máis comúns que indicará o profesor, (mp3, wav, mp4...) coas tarefas propostas ao correo electrónico corporativo do profesorado ou a través de Centros Net.

Para as tarefas auditivas e teóricas, o alumno enviará as súas respostas nun arquivo de imaxe ou pdf asegurándose de que sexa lexible, ao correo corporativo do profesor ou a través de centros Net.

Nas vídeoconferencias para clases non presenciais, titorías ou probas específicas, o alumnado deberá ter a súa cámara e audio encendidos, agás nos casos nos que as deficiencias técnicas non llo permitan.





Procedementos de avaliación na modalidade non presencial.

En caso dun confinamento con docencia extendida no tempo, aplicaránse os procedementos de avaliación contemplados na programación adaptándose aos medios telemáticos.

Avaliaranse as probas específicas que se podan facer mediante videoconferencia, as tarefas enviadas polo alumnado respetando o tempo e forma para o seu envío, e a súa participación e actividade na aula virtual.

Aula virtual

Tal e como consta na Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non Universitario de Galicia

A Consellería de Educación, Universidade e FP facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/conservatoriosantiago/aulavirtual2> O acceso á mesma estará na páxina web do centro educativo.

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante.

Durante os primeiros días de clase os profesores de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

